

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 29 DE XANEIRO DE 2015.

ASISTENTES:

Presidenta:

D.^a. Ana Ledo Fernandez

Concelleiros:

D. Jose Angel Rey Seoane

Dna. Isabel Sesar Otero

Dna. Silvia Mosteiro Monterroso

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 09:35 horas do día vinte e nove de xaneiro de dous mil quince, xuntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia da alcaldesa, D.^a Ana Ledo Fernandez

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vazquez Vázquez.

Aberta a sesión pola Sra. Alcaldesa, pasanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES.

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 29/12/2014, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sra. Alcaldesa se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDOU:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 29/12/2014.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO.

2.1.- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- RESOLUCIÓN DE ASIGNACIÓN DE TRANSFERENCIAS FINALISTAS CORRENTES DITADAS AO ABEIRO DO DECRETO 99/2012, DO 16 DE MARZO

Pola secretaria dáse conta do escrito da Dirección Xeral de Familia e Inclusión da Consellería de Traballo e Benestar, rexistrado de entrada co número 162 do día 26/01/2015, dando traslado da resolución de asignación das transferencias finalistas correntes para os conceptos e polas contías que se relacionan a continuación:

Concepto	Nº de postos de traballo financiados	Renovación	Incremento/no vo (N)	Total Asignado 2014 (R+N)	Remanente (RM)	Total asignado descontado remanente (R+N-RM)	Primeiro anticipo xa librado no 1º cuatrimestre (A)
Traballador/a social	1	15.013.	0	15.013	0	15.013	7.506,50
TOTAL		15.013	0	15.013	0	15.013	7.506,50

Total asignado: 15.013,00 €

Líquido a percibir (2º anticipo): Total asignado descontado remanente - 1º anticipo xa librado no 1º cuatrimestre: **7.506,50 €**

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.2.- RESOLUCIÓN COMPLEMENTARIA DE ASIGNACIÓN DE TRANSFERENCIAS FINALISTAS CORRENTES DITADAS AO ABEIRO DO DECRETO 99/2012, DO 16 DE MARZO

Pola secretaria dáse conta do escrito da Dirección Xeral de Familia e Inclusión da Consellería de Traballo e Benestar, rexistrado de entrada co número 163 do día 26/01/2015, dando traslado da resolución de asignación das transferencias finalistas correntes para os conceptos e polas contías que se relacionan a continuación:

Concepto	Nº de postos de traballo financiados	Renovación	Incremento/no vo (N)	Total Asignado 2014 (R+N)	Remanente (RM)	Total asignado descontado remanente (R+N-RM)	Primeiro anticipo xa librado no 1º cuatrimestre (A)
Punto de atención á infancia		0	8.107,60	8.107,60	0	8.107,60	0
TOTAL		0	8.107,60	8.107,60	0	8.107,60	0

Total asignado: 8.107,60 €

Líquido a percibir (2º anticipo): Total asignado descontado remanente - 1º anticipo xa librado no 1º cuatrimestre: **8.107,60 €**

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- CERTIFICADO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA CANTIDADE QUE SE LIQUIDARÁ E TRANSFERIRÁ A ESTE CONCELLO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA).

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido do Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, rexistrado de entrada co número 189 do día 28/01/2015 acompañado de certificado da cantidade que se liquidará e transferirá a este concello pola prestación do servizo de axuda no fogar (dependencia), correspondente ao 4º trimestre de 2014 por importe de 22.214,84 Euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.4.- NOTIFICACIÓN RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DE AGADER DE DENEGACIÓN DE AXUDA PROGRAMA DE MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL 2014-2015

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, rexistrada de entrada co número 167 do día 26/01/2015 onde se notifica a resolución ditada polo director xeral de Agader, que denega a solicitude de axuda ao abeiro do Plan Marco: Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do PDR de Galicia 2007-2013 por presentar este Concello a solicitude de axuda fóra do prazo máximo establecido nas bases da convocatoria.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as, acordando por unanimidade recorrer pola alcaldía esta denegación por estar a documentación remitida en tempo e forma.

2.1.5.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR ACOMPAÑADO DA ACTA DE ELECCIÓNS SINDICAIS DESTA ENTIDADE LOCAL.

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, rexistrado de entrada co número 144 o día 22/01/2015 no que se acompaña a acta de eleccións sindicais, xuntando unha copia que dá fe da acta de escrutinio en relación coas eleccións a representantes dos traballadores nesta entidade local formando parte do comité de empresa conforme a seguinte relación:

Nome inicial	1º Apelido	2º Apelido	DNI
S	Cea	Vázquez	75785617Z
M	Vázquez	García	33255622Z
A	Peón	López	33296881B
O	Rodríguez	Ares	33256676X
ME	Rey	Souto	76517944A

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.6.- ESCRITOS DO SERVIZO DE PATRIMONIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL COMUNICANDO O ACORDO DE DESESTIMENTO DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS OBRAS NA CP0603

Pola secretaria dáse conta de tres escritos remitidos do servizo de patrimonio da Deputación Provincial, rexistrados de entrada cos números 165, 166 e 190 os días 26/01/2015 e 28/01/2015 no que se adxunta certificación do acordo plenario de data 19/12/2014 acordando desistir da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación necesaria para a execución da obra “Ensanche, mejora de trazado y afirmado de la C.P. 0603 de Boimorto al Orxal por la Mota PK 1,300 al PK 10,400 (Boimorto y Arzúa)”.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.- ESCRITOS PARTICULARES

2.1.1.- ESCRITO DA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE CONDICIÓN DE ADHESIÓN A SOGAMA

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido do presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, rexistrado de entrada co número 2820 o día 30/12/2014, informando que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ven de fixar, a través da Resolución de 15 de decembro de 2014, publicada no DOG do día 19/12/2014 as condicións para a

adhesión das entidades locais ao sistema de xestión institucional de residuos domésticos na Comunidade Autónoma de Galicia xestionado por SOGAMA.
Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.2.- ESCRITO DA EMPRESA MOONOFF, S.L. INFORMANDO SOBRE A DOCUMENTACIÓN TÉCNICA ENTREGADA PARA XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS “ILE 2014: REFORMA DE ALUMEADOS”.

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido da empresa MoonOff, S.L con CIF B70328307 e dirección fiscal en Avenida República Checa, nave 24, P.E. Costa Vella - 15707 Santiago de Compostela, rexistrado de entrada co número 13 o día 05/01/2015, no que informa que toda a documentación técnica entregada relativa a esta empresa co obxectivo de xustificar as axudas “ILE 2014: Reforma de alumeados” ten carácter absolutamente confidencial e en ningún caso realizarase reprodución ou duplicado dalgún dos documentos ou soportes facilitados.
Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- ESCRITOS DE UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN INFORMANDO SOBRE O PLAN DE SUBSTITUCIÓN DE EQUIPOS DE MEDIDA APROBADO POLA XUNTA DE GALICIA

Pola secretaria dáse conta de dous escritos remitidos da empresa Unión Fenosa Distribución, rexistrados de entrada cos números 22 e 23 o día 08/01/2015, no que informa en ambos escritos que a empresa Unión Fenosa Distribución S.A procederá, nun prazo de tres meses, á substitución dos equipos de medida situados no lugar de Rozadas e que se realizará na data 04/05/2015.
Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.4.- ESCRITO DE D. JUAN JOSÉ GARCÍA DURO, PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ARCEO

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D. Juan José García Duro, Presidente da Asociación de veciños de Arceo, rexistrado de entrada co número 64 o día 14/01/2015 no que expoñen que veciños desta parroquia e arredores que transitan pola CP-1004 quéixanse do estreitamento da calzada ao seu paso pola ponte sobre o río Tambre no seu paso por A Ponte Castro, SOLICITA:

<<Que o Concello medie ante a Deputación para conseguir ampliar a ponte sobre o río Tambre no seu paso por A Ponte Castro entre os concellos de Boimorto e Mesía, co fin de que o trazado sexa o mesmo ao longo de toda a vía e non se vexa minguado nesta ponte.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Que se dea traslado do escrito de referencia á Excma. Deputación Provincial da Coruña aos efectos oportunos.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

2.1.5.- ESCRITO DE D. JUAN JOSÉ GARCÍA DURO, PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ARCEO

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D. Juan José García Duro, Presidente da Asociación de veciños de Arceo, rexistrado de entrada co número 65 o día 14/01/2015 no que expón que a entidade de poboación de Arceo carece de sinalización de entrada e saída na principal vía CP-1004, SOLICITA:

<<Que o Concello medie ante a Deputación para conseguir tal fin e poder desta forma colocar sinais identificativas de entrada e saída á vila.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Que se dea traslado do escrito de referencia á Excma. Deputación Provincial da Coruña aos efectos oportunos.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

2.1.6.- ESCRITO DE D. JUAN JOSÉ GARCÍA DURO, PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ARCEO.

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D. Juan José García Duro, Presidente da Asociación de veciños de Arceo, rexistrado de entrada co número 66 o día 14/01/2015 no que expón que necesitan contar cunha estancia ou local pechado baixo chave para gardar algúns útiles da asociación co fin de ter un control dos mesmos, SOLICITA:

<<Poder utilizar, sen custo, na planta primeira da antiga escola unitaria de Arceo unha estancia xa existente, pechada baixo chave pola asociación de veciños, para gardar útiles e documentación da propia asociación>>.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Quedar a alcaldesa co presidente da asociación no local para ver a mellor solución ao demandado.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS.

3.1.- LICENZAS

3.1.1.- LICENZA PARA AUTORIZACIÓN DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA DE BOIMORTO O DÍA 9-06-2013

Vista a solicitude presentada por D. José Balado Casal con DNI nº 76514858E en calidade de presidente da asociación de cazadores “Do Barro” de Boimorto, e con domicilio en Lugar Queis - Azanca nº 24, Santa Cruz de Montaos, Ordes, na que solicita autorización para a utilización da casa de cultura o día 15/02/2015 de 10.30 a 12.30 h da mañá para a celebración dunha reunión de cazadores.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA**:

ÚNICO.- Autorizar ao presidente da asociación de cazadores “Do Barro” de Boimorto, D. José Balado Casal, ó uso do salón de actos da casa de cultura para o día 15/02/2015 de 10.30 a 12.30 h da mañá.

3.1.2.- LICENZA ADMINISTRATIVA PARA POSESIÓN DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

Visto o o escrito presentado por D. Daniel Vázquez Portos, con DNI 47379170-K, con rexistro de entrada neste Concello co número 155 en data 23/01/2015, con domicilio a efectos de notificación en Rúa da Vila número 45, Iñás, Oleiros, A Coruña, no que solicita a expedición de licenza municipal para a tenencia de animais potencialmente perigosos.

Vista a documentación que acompaña ao citado escrito e comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 4º da Ordenanza fiscal nº 14, reguladora da licenza pola posesión de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, da sección local do rexistro de animais de compañía e das taxas pola prestación de tales servizos (aprobada polo Pleno en sesión extraordinaria celebrada en data 10/10/2003, publicada no BOP nº 291 de data 20/12/2003) e artigo 3 do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean rexistros galegos de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos e de Adestradores Caninos, da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenencia de animais

potencialmente perigosos e do Real Decreto 287/2002, de 22 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 50/1999, de 23 de decembro, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder a D. Daniel Vázquez Portos, con DNI 47379170-K licenza para a tenencia de animais perigosos.

SEGUNDO.- A presente licenza terá unha validez de cinco anos, dende a data de expedición conforme ao disposto no artigo 5.1 da referida Ordenanza fiscal nº 14, artigo 3º.2 do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro e artigo 3.3 do Real Decreto 287/2002, de 22 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos, podendo ser renovada, a petición da persoa interesada, polo órgano municipal competente con carácter previo á súa finalización por sucesivos períodos iguais.

TERCEIRA.- A licenza quedará sen efecto no momento en que o seu titular deixe de cumprir calquera dos requisitos esixidos no artigo 4º da Ordenanza fiscal.

CUARTO.- A intervención, suspensión ou medida preventiva relativa a unha licenza administrativa en vigor, acordada xudicial ou administrativamente, é causa de denegación dunha nova licenza ou renovación da afectada, en tanto que dita medida non fose deixada sen efecto.

QUINTO.- Antes do 29 de xaneiro de cada ano, o titular da presente licenza, deberá entregar no rexistro de entrada do Concello de Boimorto, a seguinte documentación:

1.- A subscrición do seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros.

2.- A expedición do certificado de sanidade animal, expedido pola autoridade competente, que acredite con periodicidade anual, a situación sanitaria do animal e a inexistencia de enfermidades ou trastornos que o fagan especialmente perigosos.

SEXTO.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención municipal, que ascende á cantidade de DEZAOITO EUROS (18,00 €), ao abeiro do disposto no artigo 25º da Ordenanza fiscal nº 14, reguladora da licenza pola posesión de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, da sección local do rexistro de animais de compañía e das taxas pola prestación de tales servizos, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais, xa que, sen este requisito esa autorización non producirá efecto.

SÉTIMO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.2.- AUTORIZACIÓNS

3.2.1.-CONCESIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO A PERSOAL CON MOBILIDADE REDUCIDA (TARXETA PARA JOSÉ LUÍS NOVO VEIGA) 1/2015.

Vista a correspondente solicitude para a concesión de tarxeta para estacionamento para persoas con mobilidade reducida, presentada con entrada no Concello nº 112, en data 20/01/2015, por D. José Luís Novo Veiga, con DNI 76510359P, con grao de minusvalía do 72%, visto informe da Asistente Social de data 29/01/2015, e comprobado que se cumpren os requisitos legais para expedición de tarxetas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, en aplicación do artigo 27.2 da Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e artigo 50 do Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Expedir a tarxeta para estacionamento para persoas con mobilidade reducida a favor do veciño deste Concello, José Luís Novo Veiga con DNI 76510359P, con grao de minusvalía do 72%.

SEGUNDO.- En aplicación da Ordenanza fiscal número 4, reguladora da taxa por expedición de documentos no seu artigo 7.4, liquidar en concepto de **taxa 6 €**.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado, aos efectos oportunos e comunicar que unha vez aboada a taxa correspondente poderá retirar a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía.

3.2.2.- BAIXA NA CONEXIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO E SUMIDOIROS

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 180, con data 28/01/2015, presentada por D. Luís Vereá Sánchez con DNI 76475469D, con domicilio a efectos de notificación en Rúa Gándara nº 51-1º, Boimorto, 15817, na que solicita a baixa no servizo de recollida de lixo e sumidoiros do local destinado ao negocio de droguería que rexentaba a súa esposa, Dna. Consuelo Vázquez Parga, sito no inmovible situado na rúa Gándara nº 51 (Boimorto), deste termo municipal.

Considerando que o inmovible tributa pola planta baixa adicada a negocio e a planta alta a vivenda.

Constando documentación acreditativa, copia da Declaración censal simplificada presentada por Dna. Consuelo Vázquez Parga con DNI 32396207V, de baixa no censo de empresarios, profesionais e retenedores, con rexistro de entrada na Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria, Ministerio de Economía e Facenda de Santiago de Compostela en data 04/12/2014.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dar de baixa o recibo de recollida de lixo e o recibo de sumidoiros que figura a nome de Luís Vereá Sánchez correspondente ao inmovible sito na rúa Gándara nº 51 (Boimorto) na elaboración do padrón fiscal correspondente ao primeiro trimestre do exercicio 2015.

SEGUNDO.- Comunicar ao interesado que no caso de nova apertura do establecemento deberá contar coa oportuna licenza de actividade.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.2.3.- SOLICITUDE BAIXA NO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA DE ERMITAS CARBAJALES BODELO.

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 118 con data 21/01/2015, presentada por Dna Ana Fernández Carbajales, DNI núm. 44839868B, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Froxá núm. 2, Buazo, 15818 Boimorto, que solicita a baixa no servizo de abastecemento de auga potable da vivenda sita no lugar de Peizás, 11 Arceo sinalando que a vivenda se atopa en ruínas.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa de subministro de auga.

Advirte a secretaria da Sentenza ditada polo Tribunal Supremo en data 7 de marzo de 2003, sinalando que non procede a baixa no padrón da taxa de subministro domiciliario, rede de sumidoiros e lixo por vivenda non utilizada polo titular.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dar de baixa o recibo e contador de auga número 96249981 que figura a nome da súa nai Ermitas Carbajales Bodelo, correspondente ao inmovible sito no lugar de Peizás nº 11 da parroquia de Arceo, na elaboración do padrón fiscal correspondente ao primeiro trimestre do exercicio 2015.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e ao encargado de servizos municipais para que proceda ao corte de subministro de auga do inmovible sito no lugar de Lobomorto, 11, parroquia de Arceo, deste termo municipal.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS.

4.1.- URBANISMO

4.1.1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 21 de xaneiro de 2015 (RE núm. 127) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Manuel Pérez Barreiro
DNI:	76474110F
Domicilio:	Lg. Casanova, 5 - Arceo 1518 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Traslado dun hórreo existente a outra situación dentro da mesma finca debido a que sobre a citada construción existe unha orde de demolición por parte da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
Situación:	Lg. Casanova nº 5 - Buazo - 15818 Boimorto
Referencia catastral:	15010A507003510001KT
Orzamento de execución:	1.010,88 €uros
Cualificación urbanística:	Solo de núcleo rural ordenanza de expansión de núcleo
Autorización sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 28 de xaneiro de 2015)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 1.010,88 €uros

Liquidación 2%: **20,22 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Manuel Pérez Barreiro indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.2.- OBRAS SERVIZOS

4.2.1.- APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA: MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE ANDABAO, ARCEO E BUAZO.

Visto o plan de seguridade e saúde no traballo presentado neste Concello polo contratista Antonio Filloy, S.A con CIF nº A-36016665 en desenvolvemento dos estudos básicos de seguridade e saúde que constan no proxecto da obra "Mellora de camiños nas parroquias de Andabao, Arceo e Buazo".

Visto o informe de aprobación asinado polo coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra D. Ángel Delgado Cid.

En aplicación do artigo 7 do RD 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, artigo que se transcribe a continuación literalmente:

"Artículo 7. Plan de seguridad y salud en el trabajo.

1. En aplicación del estudio de seguridad y salud o, en su caso, del estudio básico, cada contratista elaborará un plan de seguridad y salud en el trabajo en el que se analicen, estudien, desarrollen y complementen las previsiones contenidas en el estudio o estudio básico, en función de su propio sistema de ejecución de la obra. En dicho plan se incluirán, en su caso, las propuestas de medidas alternativas de prevención que el contratista proponga con la correspondiente justificación técnica, que no podrán implicar disminución de los niveles de protección previstos en el estudio o estudio básico.

En el caso de planes de seguridad y salud elaborados en aplicación del estudio de seguridad y salud las propuestas de medidas alternativas de prevención incluirán la valoración económica de las mismas, que no podrá implicar disminución del importe total, de acuerdo con el segundo párrafo del apartado [4 del artículo 5](#).

2. El plan de seguridad y salud deberá ser aprobado, antes del inicio de la obra, por el coordinador en materia de seguridad y de salud durante la ejecución de la obra.

En el caso de obras de las Administraciones públicas, el plan, con el correspondiente informe del coordinador en materia de seguridad y de salud durante la ejecución de la obra, se elevará para su aprobación a la Administración pública que haya adjudicado la obra.

Cuando no sea necesaria la designación de coordinador, las funciones que se le atribuyen en los párrafos anteriores serán asumidas por la dirección facultativa.

3. En relación con los puestos de trabajo en la obra, el plan de seguridad y salud en el trabajo a que se refiere este artículo constituye el instrumento básico de ordenación de las actividades de identificación y, en su caso, evaluación de los riesgos y planificación de la actividad preventiva a las que se refiere el [Captulo II del Real Decreto por el que se aprueba el Reglamento de los Servicios de Prevención](#).

4. El plan de seguridad y salud podrá ser modificado por el contratista en función del proceso de ejecución de la obra, de la evolución de los trabajos y de las posibles incidencias o modificaciones que puedan surgir a lo largo de la obra, pero siempre con la aprobación expresa en los términos del apartado 2.

Quienes intervengan en la ejecución de la obra, así como las personas u órganos con responsabilidades en materia de prevención en las empresas intervinientes en la misma y los representantes de los trabajadores, podrán presentar, por escrito y de forma razonada, las sugerencias y alternativas que estimen oportunas. A tal efecto, el plan de seguridad y salud estará en la obra a disposición permanente de los mismos.

5. Asimismo, el plan de seguridad y salud estará en la obra a disposición permanente de la dirección facultativa.”

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar en aplicación do artigo 7.2 do RD 1627/1997, de 24 de octubre, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde na obra de construción, o plan de seguridade e saúde no traballo relacionado coa obra "Mellora de camiños nas parroquias de Andabao, Arceo e Buazo”.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao contratista destas obras indicándolle que unha vez aprobado, polo contratista daráselle traslado do mesmo á autoridade laboral competente e ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada axena a mesma e aos representantes dos traballadores para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

4.2.2.- APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA: MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE BRATES, CARDEIRO, SENDELLE, BOIMORTO, OS ÁNXELES E CORNEDA.

Visto o plan de seguridade e saúde no traballo presentado neste Concello polo contratista Antonio Filloy, S.A con CIF nº A-36016665 en desenvolvemento dos estudos básicos de seguridade e saúde que constan no proxecto da obra “Mellora de camiños nas parroquias de Brates, Cardeiro, Sendelle, Boimorto, Os Ánxeles e Corneda”.

Visto o informe de aprobación asinado polo coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra D. Ángel Delgado Cid.

En aplicación do artigo 7 do RD 1627/1997, de 24 de octubre, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción artigo que se transcribe a continuación literalmente:

"Artículo 7. Plan de seguridad y salud en el trabajo.

1. En aplicación del estudio de seguridad y salud o, en su caso, del estudio básico, cada contratista elaborará un plan de seguridad y salud en el trabajo en el que se analicen, estudien, desarrollen y complementen las previsiones contenidas en el estudio o estudio básico, en función de su propio sistema de ejecución de la obra. En dicho plan se incluirán, en su caso, las propuestas de medidas alternativas de prevención que el contratista proponga con la correspondiente justificación técnica, que no podrán implicar disminución de los niveles de protección previstos en el estudio o estudio básico.

En el caso de planes de seguridad y salud elaborados en aplicación del estudio de seguridad y salud las propuestas de medidas alternativas de prevención incluirán la valoración económica de las mismas, que no podrá implicar disminución del importe total, de acuerdo con el segundo párrafo del apartado [4 del artículo 5](#).

2. El plan de seguridad y salud deberá ser aprobado, antes del inicio de la obra, por el coordinador en materia de seguridad y de salud durante la ejecución de la obra.

